


A CIG-Ensino rexeita a creación dunha universidade privada en Galiza

Solicitamos á Xunta de Galiza que evite a súa creación



Logo de coñecer recentemente a intención de crear unha Universidade Privada en Galiza a través de diferentes medios de comunicación e despois de comprobar como a propia Xunta de Galiza parece prezarse desta iniciativa privada dándolle cobertura a través da páxina web da Consellería de Educación, o sindicato traslada á opinión pública a súa oposición a esta nova proposta de privatización da educación, neste caso do ensino superior.

Precisamos un sistema educativo inserido na nosa realidade nacional para que dea resposta acaída ás necesidades da educación na Galiza, facilite o acceso en igualdade de condicións ao conxunto dos cidadáns e cidadás, garanta un sistema educativo propio,

destine os orzamentos necesarios á educación pública, remate coas subvencións ao ensino privado e camiñe cara asumir todas as competencias en materia educativa.

Na imperiosa necesidade de asumir estes principios básicos non ten cabida a creación dunha Universidade privada, xa que o dereito á educación pública universal supón un pilar imprescindible para construír unha sociedade democrática. Sen uns servizos públicos para todos e todas non é posíbel camiñar cara á construción dunha sociedade máis xusta e igualitaria. Por iso, a educación non debe converterse nunca nun negocio, nunha mercadoría máis. As 3 Universidades de Galiza e os seus 7 campus poderían ofrecer unha cobertura

a todo o territorio e adaptarse ás necesidades sociais e laborais que precisamos, ampliando a súa oferta educativa e reorganizando aqueles aspectos que sexan precisos. Porén, hai que denunciar publicamente que a propia Xunta limita as potencialidades do sistema galego impoñéndolle unha cláusula de estabilidade que implica que para poñer en marcha unha nova titulación é preciso retirar outra ou diminuír o número de estudantes noutras titulacións. En definitiva, impide que medre o alumnado global do sistema universitario galego. De feito nos últimos anos rexistrouse unha tendencia crecente de transvase de alumnado cara ás universidades privadas que, coa autorización que se anuncia, quere impulsarse xa definitivamente.

A esta Universidade privada soamente poderá acceder un grupo de alumnado que economicamente poida pagar eses estudos, ou aqueles que recorran a un maior endebedamento e, con toda seguridade, nela verase reforzada a exclusión do noso idioma, en contra dos propios principios recollidos na Lei 6/2013, de 13 de Xuño, do Sistema universitario de Galiza.

Existen serias dúbidas sobre a capacidade desta universidade privada para dotarse de profesorado de calidade e co nivel formativo necesario. Non se pode admitir que recorra a fórmulas fraudulentas (como conferenciantes, visitantes) para servirse de profesorado das universidades públicas violando as normas de compatibilidades. Ademais hai que chamar a atención sobre os problemas que pode suscitar unha eventual autorización para as titulacións que actualmente se imparten como centro adscrito a algunha das universidades do SUG.

É de todos e todas coñecido que ningún centro universitario sen orzamento público se sostén no tempo. Unha Universidade privada en Galiza é un feito extremadamente grave para a sociedade galega. Non só falamos dun chanzo máis na privatización do ensino, senón dun duro golpe na Universidade



Pública de Galiza.

Unha Universidade privada sería nefasta para os intereses públicos, para o Sistema Universitario Galego e evidentemente para a poboación, xa que os servizos públicos son o único garante do acceso universal á educación superior do alumnado galego.

Por todo isto solicitamos que:

- 1.- Se elimine o veto á entrada de alumnos no sistema público que supón o criterio de estabilidade** no número de alumnos do SUG.
- 2.- Se teñan en conta e motiven axeitadamente os criterios de número e variedade de titulacións, profesorado** (doutor e non doutor), **medios materiais e humanos** esixidos para

poñer en marcha universidades, así como os demais argumentos aquí expostos nos informes previos necesarios para a constitución deste centro, que deben elaborar a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, o Consello Galego de Universidades e a Conferencia Xeral de Política Universitaria

- 3.- Se expoña con claridade como lle afectaría ás titulacións impartidas nos centros adscritos** actualmente ás universidades do SUG.
- 4.- A Xunta de Galiza evite a creación** por parte do Banco **BANESCO INTERNACIONAL dunha Universidade Privada no noso País.**

OS NÓSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, Baixo
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal